

NOME: Pasar o verso.

REFERENCIA: 00001.

NÚMERO PARTICIPANTES: Mínimo 7.

IDADES: A partir de 7 anos.

ESPAZO

Espazo longo, no que situar unha cadea humana cuns tres metros de distancia entre unha persoa e mais a outra.

Nun extremo da cadea cómpre un poema -escrito ou gravado verso a verso- e noutro, algún sitio onde escribir en grande.

MATERIAIS

- Soporte para escribir en grande (cartolina, rotafolio...).
- Rotuladores para escribir (punta grosa, redonda).
- De optar pola versión do poema gravado, precisamos duns cascos e mais un reprodutor de audio (coma un mp3). O arquivo de audio debe ser de formato compatible co reprodutor! (aconséllase gravar en estéreo).
- De optar pola versión escrita precisamos o texto nun soporte.

O GALEGO CAMPA!

Dinamización lingüística nos campamentos de verán

www.lingua.gal

www.xuventude.net

DURACIÓN (TEMPOS APROXIMADOS)

15 minutos

1. Introducción. 2 minutos.
2. Parte de pasar mensaxe na cadea humana. 9 minutos.
3. Lectura e comentarios. 4 minutos.

DESCRIPCIÓN

Mediante unha cadea humana un poema medianamente longo debe pasar de boca a orella dende un punto A a un punto B, onde a persoa que alí estea transcribe o que boamente entenda.

Ao remate do tempo compárase o resultado coa versión orixinal.

Con máis de quince persoas pódense facer dous grupos que, en paralelo, pasen o mesmo texto. Compáranse os resultados.

CONTIDOS EDUCATIVOS

Permite reflexionar sobre as perdas de **comunicación** e de transmisión, e como en ocasións a perda pode ser irreversible.

Permite reflexionar sobre a importancia de comprender o que se di e non só de repetir o que se oe.

Permite reflexionar sobre estratexias de comunicación, mnemotecnia, escoita activa, creatividade literaria, atención, empatía...

O GALEGO CAMPA!

Dinamización lingüística nos campamentos de verán

www.lingua.gal

www.xuventude.net

PRETEXTO CONTEXTO

“As palabras non teñen fronteiras, os contos non teñen nación, os versos voan libres coma o vento de xeración en xeración. E xeración tras xeración foi nacendo esta lingua que falamos, que ata moi recentemente non foi verdadeiramente escrita. Durante séculos nesta terra a fala foi pasando de boca a orella, de xeración a xeración.

Imos ver que tal andades de orellas. Imos testar a capacidade de escoitar”.

MATERIAL ANEXO

Idade: + de 15: GALICIA, de Ramón Cabanillas. *Da Terra Asoballada*, 1917.

Idade: - de 15: GALICIA ou O SOÑADOR, de Manuel María. *Os Soños na Gaiola*, 1968

Primeiras estrofas dos poemas:

GALICIA Manuel María

*"Galicia docemente
está ollando o mar:
ten vales e montañas
e terras pra labrar!"*

O SOÑADOR Manuel María

*Quixera ser muiñeiro
pra me enfoular de fariña
Levaría branca a pucha,
non cobraría a maquíá!*

GALICIA Ramón Cabanillas

*Galicia! Nai e señora,
sempre garimosa e forte;
preto e lonxe; onte, e agora,
mañá... na vida e na morte!*

O GALEGO CAMPA!

Dinamización lingüística nos campamentos de verán

www.lingua.gal

www.xuventude.net